



Varios alumnos, nun dos talleres de torneado de Xermade en 'A Fraga'.

**XERMADE, CENTRO DOS TORNEIROS** ▶ A casa de turismo rural 'A Fraga', ubicada na parroquia xermadina de Cazás, organiza ó longo de todo o ano diversos cursos abertos ó público en xeral para dar a coñecer as técnicas básicas do torneado, para formar así a artesáns que «poidan desenvolver a súa propia labor creativa».

## Artesanía intensiva a medida

POR CRISTINA ARIAS

**DENDE HAI ANOS** Xermade estase a converter en punto de referencia para torneiros de medio mundo. Os Encontros que cada ano se levan a cabo neste concello —que cumpriron este mes a súa novena edición— concentran a decenas de artesáns profesionais e atraen ata a localidade moitos dos segredos desta arte tradicional que soubo adaptarse ós tempos sen perder a súa esencia. Pero non só polos xa famosos Encontros Xermade está marcado no mapa dos amantes do torno e da madeira.

'Aldeas Artesáns de Galicia', o proxecto promovido por Vicente Ledo na casa de turismo rural 'A Fraga', ubicada na parroquia de Cazás e dentro da Reserva da Biosfera Terras do Miño, é outro referente para os torneiros, tanto para os profesionais como para aqueles que queren descubrir e aprender esta arte.

Nun obradoiro perfectamente equipado —inscrito no rexistro xeral de Artesanía de Galicia e no que naceron e se realizaron as primeiras edicións dos Encontros de Torneiros—, Ledo e o pontés Fernando Vérez, impulsores da cita xermadina, organizan ó longo do ano cursos de artesanía en madeira para tódolos niveis e «adaptados» ás necesidades e ós coñecementos dos propios alumnos.

«Nos Encontros detectamos a necesidade que tiña a xente de for-

marse e a imposibilidade ó mesmo tempo de facelo porque non tiñan onde aprender», explica Ledo. «E aquí temos facilidades e hai quen ensine», comenta, mentras subliña que o que sobra no taller e ferramenta e materia prima ó redor del para traballar.

«O obxectivo destes cursos é dar a coñecer as técnicas de torneado básicas, para que despois cada participante poida desenvolver a súa labor creativa», explica o impulsor desta iniciativa. «A xente colle o esencial para logo poder traballar», resume.

Os cursos, «abertos a todo o mundo» realízanse segundo a demanda. «Segundo imos cubrindo prazas, imos formando grupos», comenta, mentras indica que a época máis baixa é o inverno. Respecto ó nivel, di, «son os propios participantes os que o marcan».

«Dependendo da base da que partan os asistentes centrámonos nun ou noutro tema», comenta, mentras enumera diversas materias nas que fan fincapé como as normas básicas de seguridade e protección, a elección das madeiras (secas, verdes, podridas, verrugas...), a utilización e o afiado das ferramentas, o deseño das pezas, as técnicas especiais que se poden aplicar como a pudrición ou o 'collage', a utilización de tintes, vernices e outro tipo de acabados, a propia realización e torneado de cada unha das pezas —partindo

das tradicionais comas as cuncas, os platos, os palilleiros ou as copas ata chegar ás máis innovadoras e modernas—, así como prácticas máis creativas nas que se explican distintas posibilidades estéticas e as novas tendencias, procedentes de diferentes lugares.

«Hai dous profesores sempre e así temos tempo para adicarnos

Os talleres de torneado realízanse en grupos dun máximo de seis persoas ó longo de 14 horas repartidas en dous días

a cada alumno en concreto e a poder pararnos sen presas», subliña Ledo. As clases, nas que se mestura teoría e práctica, apoiadas, as máis das veces, por material audiovisual, «son moi intensivas». «Facemos grupos dun máximo de seis persoas», di este torneiro, que explica que os participantes chegan a Xermade dende distintos puntos de toda a Península.

«A maioría son galegos, pero tivemos xente de Madrid, de Málaga e incluso un de Irún que ía e volvía a súa casa en autobús», di. O último curso que realizaron, esta fin de semana, tivo unha duración de 14 horas. Os alumnos, con diferentes niveis, chegaron

neste caso da comarca da Terra Chá, principalmente de Cospeito e do propio Xermade, así como do concello limítrofe coruñés das Pontes.

Nas próximas datas, o seguinte taller que levarán a cabo será entre os días 17 e 18 de outubro, no que outros seis afeccionados ó torno (neste caso de Pol, Ferrol e Madrid), aprenderán novas técnicas da man «dos país dos Encontros», unha cita que cada ano cobra máis forza.

**OUTROS CURSOS.** Aparte dos talleres para torneiros, a entidade 'Aldeas Artesáns de Galicia' promove, entre outros, talleres de restauración de todo tipo de móbiles e cursos de carpintería básica e avanzada. Ambos cursos son, ó igual que os de torneiros, talleres intensivos (dunha duración media de 14 horas) e organízanse para un máximo de seis persoas.

«Todo isto naceu coma unha sinerxia para completar a oferta de turismo rural e romper a estacionalidade, así como para demostrar que dende as aldeas tamén se poden facer moitas cousas, así», conclúe Ledo. O importante, engade, é ter iniciativa.

Os interesados en participar en algún destes cursos poden poñerse en contacto co responsable dos talleres no correo [info@casadafraga.com](mailto:info@casadafraga.com) ou nos teléfonos 667532151 ou 982188322.



Fernando Vérez e Vicente Ledo, os dous mestres.